

PLAN MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019

PROXECTO:

“CAMIÑO CAMPO DA FESTA-RENDAL DE ABAIXO-FUCARELOS E OUTROS”

INFORME MOTIVADO DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DA MELLORA DOS CAMIÑOS RECOLLIDOS NO PROXECTO “CAMIÑO CAMPO DA FESTA-RENDAL DE ABAIXO-FUCARELOS E OUTROS”, PERTENCENTE AO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019 NO CONCELLO DE ARZÚA.

José Luis García López, Alcalde do Concello de Arzúa, en aplicación do disposto nos artigos 28.1 e 116.1 da Lei 9/2017, con relación ao proxecto “CAMIÑO CAMPO DA FESTA-RENDAL DE ABAIXO-FUCARELOS E OUTROS”, cuxa finalidade é a execución das obras de reforzo do firme existente coa incorporación de novas capas de firme das mesmas características as existentes, ou segundo o caso, coa incorporación de capas máis axeitadas ás características do tráfico rodado que soporta cada un dos camiños. Todo isto con fin de mellorar e manter os viais municipais no mellor estado posible, segundo estas premisas, emite o seguinte,

INFORME:

Apartado A.- O obxecto do presente contrato son as obras de Mellora e Mantemento de camiños municipais. Neste caso o proxecto recolle cinco actuacións en camiños que son de titularidade municipal:

- 1.- Camiño Campo da Festa-Rendal de Abaixo-Fucarelos.
- 2.- Camiño da Taberna de Burres ó Alto (Burres)
- 3.- Camiño no Retorno (Branzá)
- 4.- Camiño a Garmalla (Brandeso)
- 5.- Camiño no Sixto-Capela (Pantiñobre)

1.- Camiño Campo da Festa-Rendal de Abaixo-Fucarelos.

Este camiño está dividido en dous treitos: un treito de 650 m de longo x 4 m de ancho e outro de 365 m. de longo x 3,50 m. de ancho.

Inclúe a limpeza de gabias, bacheo, perfilado de mordentes, rega de selado e dobre tratamento asfáltico.

2.- Camiño da Taberna de Burres ó Alto (Burres).

Este camiño conta con 710 m de longo x 3,50 m de ancho e un abanico de 16,00 m. de longo x 5,00m. de ancho.

Inclúe a limpeza de gabias, bacheo, perfilado de mordentes, rega de selado e dobre tratamento asfáltico, incorporando unha sinal de stop.

3.- Camiño no Retorno (Branzá).

Este camiño está dividido en dous treitos: un treito de 160 m de longo x 3,50 m de ancho e outro de 90,00 m. de longo x 3,50 m. de ancho.

O primeiro treito incluírá a limpeza de gabias, bacheo, perfilado de mordentes, rega de selado e dobre tratamento asfáltico.

O segundo treito reporase o paquete de firme con 15 cm. de formigón, mesmo mallazo sobre 5 cm. de grava.

4.- Camiño a Garmalla (Brandeso).

Este camiño está dividido en dous treitos: un treito de 200 m de longo x 3,50 m de ancho e outro de 50 m. de longo x 3,75 m. de ancho.

Inclúe a limpeza de gabias, bacheo, perfilado de mordentes, rega de selado e dobre tratamento asfáltico.

Completa esta actuación a colocación de 6,00 m. de cano de formigón de 40 cm. De diámetro coas correspondentes embocaduras para drenaxe.

5.- Camiño no Sixto-capela (Pantiñobre)

Camiño de 550 m. de logo dividido en dous treitos: un treito de 150 m de longo x 3,50 m de ancho e outro de 400 m. de longo x 3,50 m. de ancho.

O primeiro treito inclúe a limpeza de gabias, bacheo, perfilado de mordentes, rega de selado e dobre tratamento asfáltico, mentres que no segundo reporase o paquete de firme con 10 cm. De pedra 32/63mm. e tripla rega asfáltica.

O Concello non dispón de medios persoais nin materiais suficientes para poder abordar a execución dos traballos recollidos no Proxecto que é obxecto deste contrato, que exceden das tarefas propias de conservación, mantemento e reparación que realiza a brigada da área de mantemento do Concello de Arzúa.


2.- Por todo o exposto anteriormente, entendemos que as obras descritas deben de ser contratadas a unha empresa externa e cunha infraestrutura suficiente para poder ser executadas en perfectas condicións.

3.- Tal como se especifica no Proxecto, a obra refírese a unha obra completa e por tanto susceptible de ser entregada a uso xeral, sen prexuízo de posteriores ampliacións das que poda ser obxeto, inclúe todos e cada un dos elementos precisos para a utilización da mesma.

Apartado B.- En aplicación do disposto no artigo 70 da Lei 9/2017, con relación ao proxecto "CAMIÑO CAMPO DA FESTA-RENDAL DE ABAIXO-FUCARELOS E OUTROS", é de ter en consideración que ningunha empresa participou previamente na elaboración das especificacións técnicas nin nos documentos preparatorios do contrato. Tampouco o órgano de contratación foi asesorado por ningunha empresa durante o procedemento de contratación.

Apartado C.- En aplicación do disposto no artigo 115 da Lei 9/2017, con relación ao proxecto "CAMIÑO CAMPO DA FESTA-RENDAL DE ABAIXO-FUCARELOS E OUTROS", é de ter en consideración que o órgano de contratación non realizou consultas preliminares do contrato, dada a súa experiencia en contratos semellantes.

Para que así conste, en Arzúa, a 30 de xullo de 2018
O Alcalde



Asdo: José Luis García López